

Instituto Enerxético de Galicia

CONTAS ANUAIS

EXERCICIO 2015



BALANCE

EXERCICIO 2015



INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA
BALANCE
EXERCICIO 2015

CONTAS	ACTIVO	2015	2014	CONTAS	PASIVO	2015	2014
	A) INMOBILIZADO	5.560.849,38	5.646.807,73		A) FONDOS PROPIOS	13.360.671,08	13.093.356,46
	II. Inmobilizacións inmateriais	78.957,13	75.003,77				
212	2. Propiedade industrial	29.575,91	27.856,15				
215	3. Aplicacións informáticas	589.888,69	561.917,22				
219	6. Outro inmovilizado inmaterial	0,00	0,00		III. Resultados de exercicios anteriores	13.093.356,46	12.382.054,65
(281)	7. Amortizacións	-540.507,47	-514.769,60	120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	13.093.356,46	12.382.054,65
	III. Inmobilizacións materiais	3.482.496,69	3.539.471,28	129	IV. Resultado do exercicio	267.314,62	711.301,81
220,221	1. Terreos e construcións	3.809.021,85	3.809.021,85				
223	2. Instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas	151.147,53	151.147,53				
226	3. Mobiliario	315.542,88	315.542,88				
227,228,229	4. Outro inmovilizado	547.355,87	572.570,87				
(282)	5. Amortizacións	-1.340.571,44	-1.308.811,85				
	V. Inversións financeiras permanentes	1.999.395,56	2.032.332,68				
250,251,256	1. Carteira de valores a longo prazo	1.582.983,29	1.582.983,29				
252,253,257	2. Outros investimentos e créditos a longo prazo	478.309,26	548.112,26				
260,265	3. Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	1.940,37	1.940,37				
(297)	4. Provisións	-63.837,36	-100.703,24				
	C) ACTIVO CIRCULANTE	15.665.989,71	15.159.522,87		D) ACREDORES A CURTO PRAZO	7.866.168,01	7.712.974,14
	II. Debedores	12.093.607,78	13.733.701,34		III. Acredores	7.866.168,01	7.397.505,62
43	1. Debedores orzamentarios	12.212.093,24	13.775.483,32	40	1. Acredores orzamentarios	1.459.082,20	1.158.085,35
44	2. Debedores non orzamentarios	1.680,00	1.680,00	41	2. Acredores non orzamentarios	198.686,84	194.739,33
470,471,472	4. Administracións Públicas	10.682,29	10.557,25	475,476,477	3. Administracións Públicas	6.207.898,97	6.024.190,37
(490)	6. Provisións	-130.847,75	-54.019,23	560,561	6. Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	500,00	20.490,57
	III. Inversións financeiras temporais	68.460,78	66.000,00	485	IV. Axustes por periodificación	0,00	315.468,52
542,544,548	2. Outros investimentos e créditos a curto prazo	68.460,78	66.000,00				
57	IV. Tesourería	3.502.928,82	1.358.289,57				
480	V. Axustes por periodificación	992,33	1.531,96				
	TOTAL XERAL (A+C)	21.226.839,09	20.806.330,60		TOTAL XERAL (A+D)	21.226.839,09	20.806.330,60

Contas Anuais – Exercicio 2015



**CONTA do RESULTADO
ECONÓMICO PATRIMONIAL
EXERCICIO 2015**



INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA
CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL
EXERCICIO 2015

CONTAS	DEBE	2015	2014	CONTAS	HABER	2015	2014
	A) GASTOS	8.763.351,06	8.066.253,41		B) INGRESOS	9.030.665,68	8.777.555,22
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	1.960.568,33	2.023.673,34		3. Outros ingresos de xestión ordinaria	499.917,06	470.219,33
	a) Gastos de persoal:	1.370.279,75	1.465.735,86	740	a) Ingresos tributarios	407.719,13	342.489,86
640,641	a.1) Soldos, salarios e asimilados	1.083.147,23	1.141.221,24		b) Reintegros	27.881,26	71.017,42
642,644	a.2) Cargas sociais	287.132,52	324.514,62	773	d) Outros ingresos de xestión	3.431,42	2.857,14
68	c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	205.086,25	221.116,21		d.1) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	3.431,42	2.857,14
	d) Variacións de provisións de tráfico	76.828,52	43.883,56	777	e) Ingresos de participacións en capital	45.000,00	24.646,11
675,694,(794)	d.2) Variación de prov e perdas de cdos incobrables	76.828,52	43.883,56	760	f) Ingresos doutros valores neg e de cdos do activo inmob	10.631,33	11.245,34
	e) Outros gastos de xestión	345.239,69	278.234,47	762	g) Outros xuros e ingresos asimilados	5.253,92	17.963,46
62	e.1) Servizos exteriores	341.504,39	274.359,56		g.1) Outros xuros	5.253,92	17.963,46
63	e.2) Tributos	3.735,30	3.874,91	769	4. Transferencias e subvencións	8.327.636,06	7.880.680,76
676	2.3) Outros gastos de xestión corrente				a) Transferencias correntes	1.364.984,17	1.907.562,35
696 (796)	g) Variación das provisións de invest financeiros	-36.865,88	14.703,24		c) Transferencias de capital	6.962.651,89	5.973.118,41
	4. Transferencias e subvencións	6.734.030,76	5.959.237,76	750	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	203.112,56	426.655,13
651	b) Subvencións correntes	0,00	39.203,36	755	d) Ingresos e beneficios doutros exercicios	203.112,56	426.655,13
656	d) Subvencións de capital	6.734.030,76	5.920.034,40				
	5. Perdas e gastos extraordinarios	68.751,97	83.342,31	779			
670,671	a) Perdas procedentes de inmovilizado	0,00	7.571,99				
679	d) Gastos e perdas doutros exercicios	68.751,97	75.770,32				
	AFORRO	267.314,62	711.301,81		DESAFORRO		



**ESTADO de LIQUIDACIÓN
do ORZAMENTO
EXERCICIO 2015**



**ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO
EXERCICIO 2015**

I. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

CLASIFICACIÓN ORGÁNICA: 08.A2

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL POR PROGRAMAS: 733A

(euros)

CLASIFICAC ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPROME- TIDOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	REMANENTES DE CRÉDITO	PAGAMENTO	OBRIGAS PDTES DE PAGO O 31 DE DECEMBRO
		INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEFINITIVOS					
120.05	Persoal funcionario: Trienios	12.435,00		12.435,00	1.535,40	1.535,40	10.899,60	1.535,40	0,00
130.00	Persoal laboral fixo: Retribucións básicas	846.726,00	9.834,01	856.560,01	781.285,83	781.285,83	75.274,18	781.285,83	0,00
130.01	Persoal laboral fixo: Outras remuneracións	144.802,00		144.802,00	166.133,86	166.133,86	-21.331,86	166.133,86	0,00
130.04	Indemnizacións e salarios de tramitación			0,00	13.097,54	13.097,54	-13.097,54	13.097,54	0,00
130.05	Persoal laboral fixo: Trienios	69.559,00		69.559,00	53.028,06	53.028,06	16.530,94	53.028,06	0,00
130.30	Recuperación paga extra e adicional decembro 2012			0,00	68.066,54	68.066,54	-68.066,54	68.066,54	0,00
160.00	Seguridade Social	381.089,00	-2.334,00	378.755,00	287.132,52	287.132,52	91.622,48	287.132,52	0,00
Cap. 1	Gastos de persoal	1.454.611,00	7.500,01	1.462.111,01	1.370.279,75	1.370.279,75	91.831,26	1.370.279,75	0,00
208	Alugamentos : Outro inmovilizado material	500,00		500,00	159,12	159,12	340,88	159,12	0,00
212	Reparacións: Edificios e outras construcións	10.000,00	-10.697,99	-697,99	4.413,84	4.413,84	-5.111,83	4.413,84	0,00
214	Reparacións: Material de transporte	1.400,00		1.400,00	2.001,12	2.001,12	-601,12	2.001,12	0,00
216	Reparacións: Equipos para procesos de infón	4.500,00		4.500,00	6.844,78	6.844,78	-2.344,78	6.844,78	0,00
219	Reparacións: Outro inmovilizado material	600,00		600,00			600,00		0,00
220.00	Material de oficina ordinario non inventariable	5.200,00		5.200,00	5.443,69	5.443,69	-243,69	5.443,69	0,00
220.01	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	100,00		100,00			100,00		0,00
220.02	Material informático non inventariable	2.400,00	1.554,00	3.954,00	2.648,21	2.648,21	1.305,79	2.648,21	0,00
221.00	Subministracións: Enerxía eléctrica	20.000,00		20.000,00	18.320,86	18.320,86	1.679,14	16.811,07	1.509,79
221.01	Subministracións: Auga	2.000,00		2.000,00	1.194,66	1.194,66	805,34	1.194,66	0,00
221.03	Subministracións: Combustibles	8.000,00		8.000,00	1.387,83	1.387,83	6.612,17	1.387,83	0,00
221.22	Subministracións: Material didáctico e cultural			0,00	2.282,06	2.282,06	-2.282,06	2.282,06	0,00
221.99	Outras subministracións	606,00		606,00			606,00		0,00
222.00	Comunicacións telefónicas	14.403,00	-3.937,68	10.465,32	8.070,73	8.070,73	2.394,59	8.070,73	0,00
222.01	Comunicacións postais	8.200,00		8.200,00	17.836,73	17.836,73	-9.636,73	14.746,71	3.090,02
222.04	Comunicacións informáticas	3.673,00	-680,28	2.992,72	3.060,00	3.060,00	-67,28	3.060,00	0,00
224	Primas de seguros	4.000,00		4.000,00	1.199,20	1.199,20	2.800,80	1.199,20	0,00
225	Tributos	4.000,00		4.000,00	3.735,30	3.735,30	264,70	3.735,30	0,00



CLASIFICAC ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPROME- TIDOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	REMANENTES DE CRÉDITO	PAGAMENTO	OBRIGAS PDTES DE PAGO O 31 DE DECEMBRO
		INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEFINITIVOS					
226.02	Publicidade e propaganda	3.000,00	5.660,13	8.660,13	2.691,04	2.691,04	5.969,09	2.691,04	0,00
226.03	Xurídicos e contenciosos	3.000,00		3.000,00	2.286,08	2.286,08	713,92	2.286,08	0,00
226.06	Reunións, conferencias e cursos		4.628,51	4.628,51	4.022,39	4.022,39	606,12	4.022,39	0,00
226.08	Cobertura informativa	30.000,00		30.000,00	7.919,45	7.919,45	22.080,55	7.919,45	0,00
226.99	Outros	29.900,00	466,02	30.366,02	16.609,03	16.609,03	13.756,99	16.609,03	0,00
227.00	Limpieza e aseo	35.000,00	-29.768,87	5.231,13			5.231,13		0,00
227.01	Seguranza	55.000,00	-41.765,79	13.234,21			13.234,21		0,00
227.06	Estudos e traballos técnicos	97.313,00	193.749,95	291.062,95	115.526,84	115.526,84	175.536,11	115.526,84	0,00
227.09	Servizo de prevención riscos laborais	3.900,00		3.900,00	3.624,34	3.624,34	275,66	3.624,34	0,00
227.99	Outros	18.000,00	5.478,85	23.478,85	25.518,85	25.518,85	-2.040,00	25.518,85	0,00
230	Axudas de custo	2.000,00		2.000,00	3.506,01	3.506,01	-1.506,01	3.506,01	0,00
231	Locomoción	5.000,00	17.129,91	22.129,91	2.773,65	2.773,65	19.356,26	2.700,30	73,35
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	371.695,00	141.816,76	513.511,76	263.075,81	263.075,81	250.435,95	258.402,65	4.673,16
481.0	Axudas a familias e entidades sen fins de lucro	32.821,00	-15.000,00	17.821,00			17.821,00		0,00
Cap. 4	Transferencias correntes	32.821,00	-15.000,00	17.821,00	0,00	0,00	17.821,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.859.127,00	134.316,77	1.993.443,77	1.633.355,56	1.633.355,56	360.088,21	1.628.682,40	4.673,16
626.0	Equipamentos para proceso de información	11.198,00	-10.375,08	822,92	822,92	822,92	0,00	822,92	0,00
628.0	Outro inmovilizado material	54.600,00	141.400,00	196.000,00	77.530,97	77.530,97	118.469,03	77.530,97	0,00
640.0	Plan sectorial eólico de Galicia	56.870,00		56.870,00	56.870,00		56.870,00		0,00
640.1	Proxecto europeo 0632_ENTIC_1_E	6.488,00	-6.488,00	0,00			0,00		0,00
640.2	Proxecto europeo Hub de GNL	2.856,00	11.344,00	14.200,00	14.200,00	14.200,00	0,00	14.200,00	0,00
640.9	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	141.800,00	-664,62	141.135,38	141.135,38	141.135,38	0,00	141.135,38	0,00
Cap. 6	Investimentos reais	273.812,00	135.216,30	409.028,30	290.559,27	233.689,27	175.339,03	233.689,27	0,00
710.0	Plan 2000 ESEs - Convenios SERGAS		146.250,00	146.250,00			146.250,00		0,00
713.0	Axudas á xeoterma	50.000,00	-50.000,00	0,00			0,00		0,00
713.0	Axudas a proxectos de biomasa	466.667,00	-222.527,49	244.139,51	158.430,41	158.430,41	85.709,10	158.430,41	0,00
713.0	Axudas aeroterma e solar térmica	16.667,00	-16.667,00	0,00			0,00		0,00



CLASIFICAC ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPROME- TIDOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	REMANENTES DE CRÉDITO	PAGAMENTO	OBRIGAS PDTES DE PAGO O 31 DE DECEMBRO
		INICIAS	MODIFICACIÓNS	DEFINITIVOS					
761.0	Axudas á iluminación pública exterior		1.364.145,98	1.364.145,98	1.077.159,69	334.621,28	1.029.524,70	36.189,16	298.432,12
761.0	Axudas á xeotermia	100.000,00	-78.006,25	21.993,75			21.993,75		0,00
761.0	Axudas a proxectos de biomasa	933.333,00	612.930,88	1.546.263,88	511.240,81	511.240,81	1.035.023,07	511.240,81	0,00
761.0	Axudas aerotermia e solar térmica	33.333,00	94.229,29	127.562,29	45.479,06	45.479,06	82.083,23	45.479,06	0,00
770.0	Axudas aforro e eficiencia enerxética na ind e serv	2.318.385,00	-1.239.908,08	1.078.476,92	1.078.476,92	1.078.476,92	0,00		1.078.476,92
770.1	Convenios en materia enerxética	0,00	472.500,00	472.500,00	472.500,00		472.500,00		0,00
771.0	Axudas á xeotermia	300.000,00	-223.789,32	76.210,68	55.474,88	55.474,88	20.735,80	55.474,88	0,00
771.0	Axudas aforro e eficiencia na industria agroaliment	2.000.000,00	-2.000.000,00	0,00			0,00		0,00
771.0	Axudas a proxectos de biomasa	2.800.000,00	-739.632,71	2.060.367,29	668.983,81	668.983,81	1.391.383,48	668.983,81	0,00
771.0	Axudas aerotermia e solar térmica	100.000,00	-8.271,63	91.728,37	18.096,08	18.096,08	73.632,29	18.096,08	0,00
771.6	Axudas caldeiras de biomasa		10.851,44	10.851,44			10.851,44		0,00
771.7	Axudas enerxía solar térmica		1.895,18	1.895,18			1.895,18		0,00
780.0	Proxecto demostrativo da biomasa	666.667,00	-666.667,00	0,00			0,00		0,00
781.0	Axudas á xeotermia	550.000,00	175.000,00	725.000,00	593.046,31	593.046,31	131.953,69	593.046,31	0,00
781.0	Axudas a proxectos de biomasa	5.133.333,00	216.801,22	5.350.134,22	2.937.381,55	2.937.381,55	2.412.752,67	2.937.381,55	0,00
781.0	Axudas aerotermia e solar térmica	183.333,00	107.504,91	290.837,91	205.299,65	205.299,65	85.538,26	205.299,65	0,00
781.1	Axudas caldeiras de biomasa		8.922,24	8.922,24			8.922,24		0,00
781.5	Axudas en materia enerxética		100.000,00	100.000,00	100.000,00	60.000,00	40.000,00	50.000,00	10.000,00
781.7	Axudas enerxía solar térmica		2.356,20	2.356,20			2.356,20		0,00
781.8	Axudas fotovoltaica non illada e inst mixtas non ill		1.830,52	1.830,52			1.830,52		0,00
781.9	Convenios en materia enerxética	0,00	67.500,00	67.500,00	67.500,00	67.500,00	0,00		67.500,00
Cap. 7	Transferencias de capital	15.651.718,00	-1.862.751,62	13.788.966,38	7.989.069,17	6.734.030,76	7.054.935,62	5.279.621,72	1.454.409,04
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	15.925.530,00	-1.727.535,32	14.197.994,68	8.279.628,44	6.967.720,03	7.230.274,65	5.513.310,99	1.454.409,04
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	17.784.657,00	-1.593.218,55	16.191.438,45	9.912.984,00	8.601.075,59	7.590.362,86	7.141.993,39	1.459.082,20
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	17.784.657,00	-1.593.218,55	16.191.438,45	9.912.984,00	8.601.075,59	7.590.362,86	7.141.993,39	1.459.082,20



**ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO
EXERCICIO 2015**

II. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS			DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PDTES DE COBRO O 31 DE DECEMBRO	EXCESO \ DEFECTO PREVISIÓN
		INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEFINITIVAS							
30104	Taxas por servizos administrativos: Outras taxas			0,00	183,25			183,25	183,25	0,00	183,25
30201	Taxas por servizos profesionais: Mod adm-facult	200.000,00		200.000,00	408.442,78	906,90		407.535,88	407.153,16	382,72	207.535,88
380	Reintegros de exercicios pechados			0,00	27.881,26			27.881,26	4.668,62	23.212,64	27.881,26
39101	Xuros de demora			0,00	500,45			500,45		500,45	500,45
39999	Outros ingresos diversos	1.000,00		1.000,00	3.665,93	234,67		3.431,26	3.431,26	0,00	2.431,26
Cap. 3	Taxas, prezos e outros ingresos	201.000,00	0,00	201.000,00	440.673,67	1.141,57	0,00	439.532,10	415.436,29	24.095,81	238.532,10
41000	Transferencias correntes da CA: Fondos Propios	1.336.127,00	-86.632,11	1.249.494,89	1.243.669,39			1.243.669,39		1.243.669,39	-5.825,50
41015	Coop transfronteiriza España-Portugal 2007-2013		375,00	375,00	4.866,00			4.866,00		4.866,00	4.491,00
41020	Outros proxectos europeos		93,50	93,50	1.428,00			1.428,00		1.428,00	1.334,50
Cap. 4	Transferencias correntes	1.336.127,00	-86.163,61	1.249.963,39	1.249.963,39	0,00	0,00	1.249.963,39	0,00	1.249.963,39	0,00
517	Xuros de préstamos concedidos a empr privadas	12.000,00		12.000,00	10.631,33			10.631,33	371,16	10.260,17	-1.368,67
52000	Xuros de contas correntes	10.000,00		10.000,00	7.418,29			7.418,29	7.410,88	7,41	-2.581,71
537	Dividendos e part en beneficios de empresas priv	300.000,00		300.000,00	45.000,00			45.000,00		45.000,00	-255.000,00
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	322.000,00	0,00	322.000,00	63.049,62	0,00	0,00	63.049,62	7.782,04	55.267,58	-258.950,38
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.859.127,00	-86.163,61	1.772.963,39	1.753.686,68	1.141,57	0,00	1.752.545,11	423.218,33	1.329.326,78	-20.418,28
71000	Transferencias de capital da CA: Fondos Propios	4.235.903,00	-243.326,02	3.992.576,98	2.337.219,03			2.337.219,03	27.812,87	2.309.406,16	-1.655.357,95
71001	Transferencias finalistas do Estado	1.617.333,00	-339.530,24	1.277.802,76	629.963,22			629.963,22	638,10	629.325,12	-647.839,54
71006	FCI		90.000,00	90.000,00	50.000,00			50.000,00		50.000,00	-40.000,00
71014	FEADER 2007-2013	10.000.000,00	-2.099.321,34	7.900.678,66	3.895.074,51			3.895.074,51	3.895.074,51	0,00	-4.005.604,15
71015	Coop transfronteiriza España-Portugal 2007-2013	4.866,00	35.638,89	40.504,89				0,00		0,00	-40.504,89
71017	Coop transnacional Espacio Atlántico 2007-2013		309.967,49	309.967,49	50.395,13			50.395,13	50.395,13	0,00	-259.572,36
71020	Outros proxectos europeos	1.428,00	1.805,50	3.233,50				0,00		0,00	-3.233,50
Cap. 7	Transferencias de capital	15.859.530,00	-2.244.765,72	13.614.764,28	6.962.651,89	0,00	0,00	6.962.651,89	3.973.920,61	2.988.731,28	-6.652.112,39
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		15.859.530,00	-2.244.765,72	13.614.764,28	6.962.651,89	0,00	0,00	6.962.651,89	3.973.920,61	2.988.731,28	-6.652.112,39
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		17.718.657,00	-2.330.929,33	15.387.727,67	8.716.338,57	1.141,57	0,00	8.715.197,00	4.397.138,94	4.318.058,06	-6.672.530,67
830	Reintegro ptmos conced fóra do sector público a c/p			0,00	67.342,22			67.342,22		67.342,22	67.342,22
831	Reintegro ptmos conced fóra do sector público a l/p	66.000,00		66.000,00				0,00		0,00	-66.000,00
Cap. 8	Activos financeiros	66.000,00	0,00	66.000,00	67.342,22	0,00	0,00	67.342,22	0,00	67.342,22	1.342,22
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		66.000,00	0,00	66.000,00	67.342,22	0,00	0,00	67.342,22	0,00	67.342,22	1.342,22
TOTAL		17.784.657,00	-2.330.929,33	15.453.727,67	8.783.680,79	1.141,57	0,00	8.782.539,22	4.397.138,94	4.385.400,28	-6.671.188,45



**ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO
EXERCICIO 2015**

III. RESULTADO ORZAMENTARIO

(euros)

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	1.752.545,11	1.633.355,56	---	119.189,55
b. Operacións de capital	6.962.651,89	6.967.720,03	---	-5.068,14
1. (+) Total operacións non financeiras (a+b)	8.715.197,00	8.601.075,59	---	114.121,41
c. Activos financeiros	67.342,22	0,00	---	67.342,22
d. Pasivos financeiros	0,00	0,00	---	0,00
2. (+) Total operacións financeiras (c+d)	67.342,22	0,00	---	67.342,22
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I= 1+2)	8.782.539,22	8.601.075,59	---	181.463,63
<i>Axustes:</i>				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería non afectado			0,00	---
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			150.480,99	---
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			187,00	---
II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4-5)			150.293,99	---
III. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)			---	331.757,62



MEMORIA

EXERCICIO 2015



ÍNDICE

01 ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE

- 01.01 Norma de creación da entidade
- 01.02 Actividade principal, réxime xurídico, económico-financeiro e de contratación
- 01.03 Estrutura organizativa básica
- 01.04 Consideración fiscal da entidade e operacións suxetas ao IVE

02 BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

- 02.01 Imaxe fiel
- 02.02 Comparación da información
- 02.03 Principios contables non obrigatorios aplicados
- 02.04 Cambios en criterios contables

03 APLICACIÓN DE RESULTADOS

04 NORMAS DE RECOÑECIMIENTO E VALORACIÓN

- 04.01 Inmobilizacións inmateriais
- 04.02 Inmobilizacións materiais
- 04.03 Investimentos financeiros
- 04.04 Valores negociables
- 04.05 Créditos e demais dereitos a cobrar non orzamentarios
- 04.06 Débedas e demais obrigacións non orzamentarias
- 04.07 Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigacións orzamentarias
- 04.08 Imposto sobre o valor engadido
- 04.09 Compras e outros gastos
- 04.10 Vendas e outros ingresos

05 ESTADO OPERATIVO

06 INFORMACIÓN DE CARÁCTER FINANCEIRO

- 06.01 Cadro de financiamento
- 06.02 Remanente de tesourería
- 06.03 Tesourería
 - 06.03.01 Estado de tesourería
 - 06.03.02 Fluxo neto de tesourería

07 CONCILIACIÓN DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL E RESULTADO ORZAMENTARIO

08 OPERACIÓN NON ORZAMENTARIAS

09 INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO GASTO PÚBLICO

- 09.01 Modificacións de crédito
- 09.02 Remanentes de crédito
- 09.03 Clasificación funcional do gasto
- 09.04 Execución de proxectos de inversión
- 09.05 Contratación administrativa
- 09.06 Transferencias e subvencións concedidas
- 09.07 Convenios



- 09.08 Persoal
- 09.09 Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento
- 09.10 Anticipos de tesourería
- 09.11 Obrigas de orzamentos pechados
- 09.12 Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

10 INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO INGRESO PÚBLICO

- 10.01 Proceso de xestión
- 10.02 Devolucións de ingresos
- 10.03 Transferencias e subvencións recibidas
- 10.04 Taxas, prezos públicos e prezos privados
- 10.05 Aplicación do remanente de tesourería
- 10.06 Dereitos a cobrar de orzamentos pechados
- 10.07 Desenvolvemento dos compromisos de ingreso

11 GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO

12 INFORMACIÓN SOBRE O INMOBILIZADO NON FINANCEIRO

- 12.01 Inmobilizado inmaterial
- 12.02 Inmobilizado material

13 INFORMACIÓN SOBRE OS INVESTIMENTOS FINANCEIROS PERMANENTES

- 13.01 Carteira de valores a longo prazo
- 13.02 Outros investimentos e créditos a longo prazo
- 13.03 Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo

14 INFORMACIÓN SOBRE AS CONTAS CORRENTES EN EFECTIVO

15 FONDOS PROPIOS

16 INFORMACIÓN SOBRE A XESTIÓN DE RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS

17 INDICADORES FINANCEIROS, PATRIMONIAIS E ORZAMENTARIOS

18 INFORMACIÓN SOBRE OS APRAZAMENTOS DE PAGO EFECTUADOS A PROVEDORES

19 INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE

20 INFORMACIÓN SOBRE PLEITOS, LITIXIOS OU OUTROS PROCEDEMENTOS

21 FEITOS POSTERIORES AO PECHE



01 – ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE

01.01. Norma de creación da entidade

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), con domicilio social e fiscal na rúa Avelino Pousa Antelo nº 5 de Santiago de Compostela, é un ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, dos previstos no apartado 1.b) do artigo 12 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O Inega está adscrito á consellería competente en materia de enerxía, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, e suxeito nas súas actividades aos programas e ás directrices xerais da Xunta de Galicia.

O Inega creouse pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, desenvolvida polo Decreto 280/1999, do 4 de novembro, que aproba o seu Regulamento de organización e funcionamento.

Por outra banda, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional quinta, parágrafo segundo, establece que, aos efectos sinalados no artigo 47 da citada Lei, procederase á adaptación das normas regulamentarias e estatutarias reguladoras dos entes, dos organismos e das entidades do sector público autonómico declarados medios propios e servizos técnicos pola referida Lei nos que non se prevexa expresamente a referida condición. Así mesmo, a disposición transitoria terceira sinala que as entidades instrumentais creadas con anterioridade á entrada en vigor da norma continuarán rexéndose pola súa normativa específica mentres non procedan a adaptar a súa regulación ás determinacións contidas na Lei. A referida adaptación realizarase mediante decreto da Xunta de Galicia no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Na súa virtude procederase á transformación do Instituto Enerxético de Galicia en Axencia, mantendo a súa adscrición á Consellería competente na materia, conforme ao establecido na Lei 3/1999, de 11 de marzo. A nova entidade asumirá as competencias atribuídas ao referido Inega.

01.02. Actividade principal, réxime xurídico, económico-financiero e de contratación

Actividade principal do Inega

Segundo o artigo 2 da Lei de creación, o Instituto Enerxético de Galicia ten por finalidade o fomento, o impulso e a realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As funcións xerais do Inega son as seguintes:

- a) Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- b) Promover e, de ser o caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.



- c) Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- d) Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- e) Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- f) Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipo e servizos relacionados coa enerxía.
- g) Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxeos –de orixe interna–, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- h) Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- i) Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- j) Orientar aos usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- k) Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- l) O Inega poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.
- m) Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao Instituto no marco da súa lei de creación.

Réxime xurídico

A normativa máis relevante pola que se rexe a entidade é a seguinte:

a) De forma específica:

Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia.

Decreto 280/1999, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Instituto Enerxético de Galicia.

b) A nivel estatal:

Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que desenvolve a Lei Xeral de Subvencións.



Real Decreto 1382/1985, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A Disposición adicional primeira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

c) A nivel autonómico:

Orde do 28 de novembro de 2001 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación (modificada pola Disposición adicional cuarta da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de Medidas tributarias e de réxime administrativo).

Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao personal directivo das entidades do sector público autonómico.

Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público.

Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

Demais normativa que lle sexa de aplicación.

Réxime económico-financeiro

Os recursos económicos do Inega están integrados por:

- a) As consignacións orzamentarias asignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os ingresos procedentes da recadación de taxas e prezos que obteña pola prestación de servizos no exercicio das súas funcións.



- c) Os produtos e as rendas do seu patrimonio.
- d) Os ingresos e os beneficios de todo tipo derivados da participación nas sociedades ás que se refire o artigo 5.c) da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Inega.
- e) As subvencións e achegas que concedan ao seu favor entidades e institucións públicas ou privadas, así como de particulares.
- f) Os créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poida concertar, de acordo co previsto nas leis anuais de orzamentos da Comunidade Autónoma.
- g) Calquera outra achega ou recurso que puidese xerarse ou lle sexa atribuído.

O réxime financeiro, contable e orzamentario, así como o control da actividade económica e financeira do Inega, réxese polo disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Réxime de contratación

O réxime de contratación do Inega é o previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

01.03. Estrutura organizativa básica

Órganos de goberno

A Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia, desenvolvida polo Decreto 280/1999, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Instituto, establece a súa estrutura directiva básica e prevé como órganos de goberno o consello de administración e a dirección do Instituto. Ao mesmo tempo, a indicada normativa prevé a constitución dun consello asesor como órgano de consulta e asesoramento do Inega e un comité de dirección como órgano de apoio da súa dirección.

1) O consello de administración:

É o órgano colexiado de goberno e ten as máis amplas facultades de dirección, actuación e xestión do Inega.

Está constituído polos seguintes membros:

- a) Presidente/a: A persoa titular da consellería competente en materia de enerxía.
- b) Vicepresidente/a: O director ou directora xeral competente en materia de enerxía.
- c) Un mínimo de seis vocais e un máximo de oito, que serán os seguintes:
 - Un/unha será o director ou directora do Instituto.
 - Dous/dúas representarán á consellería competente en materia de enerxía.
 - Un/unha representará á consellería competente en materia de economía e facenda.
 - Un/unha representará á consellería competente en materia de ordenación territorial.
 - Un/unha representará á consellería competente en materia de ambiente.
 - Un/unha representará ás corporacións locais e será proposto/a pola FEGAMP.



2) **A dirección:**

O director ou directora do Instituto será nomeado/a polo Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de enerxía.

Correspóndelle dirixir a actividade do Instituto baixo as directrices do Consello de administración.

3) **O consello asesor:**

O consello asesor é un órgano de carácter consultivo e de asesoramento, no que participarán ou estarán representadas institucións ou sociedades do ámbito enerxético galego, públicas e privadas.

4) **O comité de dirección:**

O director ou directora do Inega estará asistido/a por un comité de dirección composto polos/as directores ou directoras dos departamentos e polo/a secretario ou secretaria do Consello de administración, no caso de que éste/ésta non exerza o posto de director ou directora do departamento.

Organigrama

A actual estrutura organizativa do Inega, aprobada polo Consello de Administración na súa xuntanza do 18 de febreiro de 2014¹, está constituída por:

1. **Xerencia**

Corresponde a este departamento o desenvolvemento de todas as iniciativas e actuacións encamiñadas a asegurar o funcionamento operativo dos servizos do Instituto, abarcando, polo tanto, dentro do seu ámbito competencial, o deseño, impulso, seguimento e control económico-financeiro e de procedementos internos do Inega; a xestión integral dos seus recursos de persoal, orientando, a este respecto, a súa actividade á integración do persoal nos obxectivos do Instituto, así como todas aquelas actuacións dirixidas á adquisición dos bens e servizos necesarios para o seu funcionamento e o mantemento das súas instalacións, o deseño dos obxectivos anuais e o seguimento e control da súa execución, a xestión dos programas europeos e internacionais e as funcións de formación, información e publicacións que competen ao Instituto. Correspóndelle a este departamento, así mesmo, a xestión da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) nos termos establecidos no Decreto 66/2013, do 18 de abril, así como a xestión e coordinación de todos aqueles proxectos desenvolvidos entre o Inega e outras administracións públicas. Atribúeselle tamén a este departamento a xestión do procedemento de inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dependen deste centro directivo:

- a) **Área de Xestión e Coordinación coas Administracións Públicas:** Correspóndelle a xestión da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), a coordinación e o seguimento de todas aquelas estratexias, programas ou proxectos que se desenvolvan no conxunto das administracións públicas coa participación do Inega. Atribúese, así mesmo, a esta área a xestión do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, a inspección e o control administrativo e técnico dos certificados e o exercicio das competencias en materia sancionadora que lle sexan atribuídas pola normativa reguladora da certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) **Unidade Técnica Xurídico-Administrativa:** Desenvolve as funcións de administración e asesoramento xurídico, a planificación interna e o seguimento e avaliación dos obxectivos asignados a cada centro directivo, asegurando a coordinación e colaboración entre eles, a xestión e o seguimento dos convenios de

¹ Resolución do 7 de marzo de 2014 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Administración que aproba a modificación da estrutura organizativa deste instituto (*DOG n° 55, do 20 de marzo de 2014*)



colaboración e cooperación subscritos polo Instituto e dos contratos administrativos formalizados por éste.


- c) **Unidade Técnica Económico-Orzamentaria**: Desenvolve as funcións de control financeiro e orzamentario, as de asesoramento e análise económico financeiro, as de xestión e seguimento das participacións empresariais do Instituto, as de xestión tributaria, o control dos fondos, valores e efectos e o servizo de recadación.

2. **Departamento de Enerxía e Planificación Enerxética**

As funcións asociadas a este departamento son todas as relativas ao aforro e eficiencia enerxética, os estudos de desenvolvemento e planificación de infraestruturas enerxéticas e todos os relativos á planificación, desenvolvemento e investigación das enerxías renovables e doutras alternativas enerxéticas, así como a coordinación das actividades de I+D+i, a elaboración e o seguimento das estatísticas enerxéticas e a participación do ente en proxectos da Unión Europea e internacionais.

Este departamento está integrado por:

- a) **Área de Enerxías Renovables**: Correspóndenlle todos os aspectos de estudo, proxecto, desenvolvemento e xestión técnica das actuacións en materia de enerxías renovables e doutras alternativas enerxéticas. Esta área estrutúrase en dúas unidades técnicas: a Unidade Técnica de Enerxía Eólica e Mareomotriz e a Unidade Técnica de Biogás, Biomasa e Biocombustible, que teñen atribuídas, cada unha dentro do seu ámbito material de actuación, as funcións de análise dos recursos desta natureza, de estudo da súa viabilidade, a proposta de medidas para o seu fomento e a elaboración de planos de desenvolvemento das distintas fontes de enerxías renovables e outras alternativas enerxéticas, así como a realización e coordinación de proxectos de demostración e proxectos de utilización de fontes enerxéticas renovables.
- b) **Área de Aforro e Eficiencia Enerxética**: Correspóndenlle todos os aspectos de estudo, proxecto, desenvolvemento e xestión técnica das actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética en todos os sectores. De esta área depende a Unidade Técnica de Eficiencia Enerxética, a cal ten como cometido a realización e coordinación de proxectos de eficiencia e optimización enerxética.
- c) **Unidade Técnica de Planificación Enerxética, Innovación e Proxectos**: Correspóndenlle todos os aspectos de estudo, proxecto, desenvolvemento e xestión técnica das actuacións en materia de enerxías renovables e doutras alternativas enerxéticas.



01.04. Consideración fiscal da entidade e operacións suxetas ao IVE

O Instituto Enerxético de Galicia é unha entidade exenta e non obrigada a presentar a declaración do Imposto sobre Sociedades.

En materia de imposición indirecta, están suxetas ao IVE os ingresos que o Inega obtén pola facturación da enerxía eléctrica xerada polos paneis fotovoltaicos de conexión á rede, instalados nas dependencias da entidade. Como ditos ingresos teñen unha incidencia insignificante no orzamento da entidade –en concreto, no exercicio 2015, supoñen un 0,0390%– non se practica dedución algunha do IVE soportado.

02 – BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

02.01. Imaxe fiel

As contas anuais preparáronse a partir dos rexistros contables da entidade, exprésanse en euros, e preséntanse de acordo co contido establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001, pola que aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia; suministran información útil para a toma de decisións económicas da entidade, redactándose con claridade co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento da entidade contable.

As contas anuais comprenden os seguintes documentos, que forman unha unidade: o balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria.

A información incluída nas contas anuais cumpre os requisitos de claridade, relevancia, fiabilidade e comparabilidade.

A contabilidade da entidade desenvólvese aplicando os principios contables de carácter económico patrimonial de xestión continuada, devengo, uniformidade, prudencia, correlación de ingresos e gastos, non compensación e importancia relativa.

02.02. Comparación da información

O Inega presenta, a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta do resultado económico-patrimonial, ademais das cifras do exercicio 2015, as correspondentes ao exercicio anterior.

Non existen causas que impidan a comparación das contas anuais do exercicio coas do exercicio anterior.

02.03. Principios contables non obrigatorios aplicados

Non foron aplicados principios contables públicos non obrigatorios. Adicionalmente, o órgano de dirección formulou estas contas anuais tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen un efecto significativo en ditas contas anuais.

Non existe ningún principio contable, que sendo obrigatorio, non fora aplicado.

02.04. Cambios en criterios contables

